

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 15 Decembro 2015
Exemplar gratuito



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

O ICA Santiago consegue “unha posición de cidade” para reclamar novos xulgados na capital galega



- Todos os grupos políticos con representación no Concello de Santiago apoian as reivindicacións do Colexio e demandan un trato xusto para a capital galega
- O pleno de Santiago aprobou o 9 de novembro unha declaración institucional que esixe a creación dun novo xulgado do social
- O Colexio de Avogados de Santiago considera “inaceptable o colapso” dos tres xulgados do social da capital galega

VIDA COLEXIAL

O ministro de Xustiza, Rafael Catalá, visitou o Colexio de Avogados de Santiago

A Universidade de Santiago e a Avogacía reforzan a súa colaboración para a formación de novos profesionais

ENTREVISTAS SAN RAIMUNDO 2015



Luis Aláez, xuíz,
e
José Seoane, ex-decano
dos avogados de Ferrol



AO PÉ DA LETRA

Un xuízo oral (“bilingüe”) nunha vila galega no outono de 1942.

Xesús Alonso Montero,
presidente da
Real Academia Galega

¡Los míos!

Mi familia también puede ser mutualista
Todos mutualistas, todos con las mismas ventajas.

Mis padres



Mi mujer y mi hermana



Los gemelos



Para ahorrar, para su jubilación,
 para asegurar su salud,
 para su futuro...

Para todo lo que tu familia necesite.



50 € para tu familiar
 al hacerse mutualista



Podrás ganar un crucero
 para dos personas

PROMOCIÓN VÁLIDA DEL 1 DE SEPTIEMBRE AL 31 DE DICIEMBRE DE 2015

¡Entra en la web, infórmate y participa!

www.mutualidadabogacia.com



Para más información llama al **914 35 24 86** o envía un correo a sam@mutualidadabogacia.com



Avogacía Compostelá

Dirección

Evaristo Nogueira Pol



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Contidos

Pablo G. Quintas
(Lupa Comunicación)



The screenshot shows the homepage of the website www.icasantiago.org. At the top, there is a banner with the text 'ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA'. Below the banner are four circular icons representing different areas: a building, a gavel, a scale of justice, and a group of people. The main content area is titled 'ÚLTIMAS NOVAS' and features a grid of news items with dates and brief descriptions. Below this is a section for 'ACCESOS DESTACADOS' with a carousel of featured articles, including one about 'XUSTIZA E LINGUA'. At the bottom, there is a 'CONTACTA CON NOS' section with a map and contact information, and a 'COLABORADORES' section with logos for 'Abogacía Española' and 'Abogacía de Galicia'.

www.icasantiago.org

Sumario

Editorial	4
Novas da Avogacía	5
• O Colexio de Avogados e a Universidade de Santiago (USC) incrementan a súa colaboración para a formación de novos profesionais	5
• Implantación do sistema Lexnet a partir do 1 de xaneiro de 2016	6
Resumo do ano	8
• A Avogacía consegue “unha posición de cidade” para reclamar un novo xulgado do social	8
• As persoas físicas xa non pagan as taxas xudicias	10
Entrevistas	12
• Luis Aláez, xuíz	12
• José Seoane, avogado	14
Vida Colexial	16
• Visita do ministro de Xustiza, Rafael Catalá. Reunión coa xunta de goberno do Colexio de Avogados	16
• Festividade de San Raimundo 2015	17
• Cursos e xornadas	20
• Acordos da xunta de goberno, novidades e lexislación	22
Ao pé da letra	25
• Un xuízo oral (“bilingüe”) nunha vila galega no outono de 1942. Xesús Alonso Montero. Presidente da Real Academia Galega	25
Nova web e redes sociais	31
Actos conmemorativos polo centenario do falecemento de Eugenio Montero Ríos	32
O colexio nos medios	34



Esta fotografía que ilustra a portada da revista publicouse no xornal LA VOZ DE GALICIA e a súa autora é SANDRA ALONSO

Co patrocinio de:



XUNTA DE GALICIA

Depósito legal: C-3778-2007

Deseño e maquetación: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimados/as compañeiros/as:

No solpor xa do ano 2015, presentámosvos esta revista colexial na que se recollen varios acontecementos destacados nos últimos meses e que nos afectan directamente.

Afortunadamente e grazas á presión exercida por todos nós, o Ministerio de Xustiza retirou as taxas xudiciais para as persoas físicas. Aínda que isto foi importante, sen dúbida, debemos seguir mantendo a nosa reivindicación para as persoas xurídicas, sobre todo para que as pequenas e medianas empresas estean exentas igualmente. Por iso a avogacía non baixará a garda neste e noutros moitos temas que nos afectan. Seguiremos mostrando a nosa máis profunda repulsa á privatización do rexistro civil e incidiremos na necesidade de reforzos xudiciais na nosa cidade.

É urxente que todos nos informemos do comezo da “aventura” de Lexnet. Por iso a comisión encargada no colexio está levando a cabo constantes cursos de formación. Prégovos que esteades ao tanto xa que vai afectar o noso traballo cotián. Tamén por mor das constantes modificacións legislativas o colexio está desenvolvendo diversos cursos co fin de manter unha formación continuada, tan necesaria neste momento.

Entre os contidos da revista atoparedes dúas entrevistas, ao maxistrado Luis Aláez e ao entrañable compañeiro Pepe Seoane, mestre da profesión, ambas moi interesantes. Tamén se recolle o testemuño da homenaxe feita ao noso xurista compostelán Eugenio Montero Ríos, no centenario do seu falecemento, e na que o colexio participou activamente. Dende a ilustración das nosas letras, o presidente académico Alonso Montero agasállanos cun relato xurídico no que hábil e reflexivamente nos traslada a episodios da máis cruel e mesquiña represión lingüística.

Non quero rematar estas liñas sen facer un emotivo recordatorio a quen recibiu o Premio de Dereitos Humanos do Colexio de Avogados na súa última edición. Refírome a Nacho Mirás Fole. Con independencia da relación persoal que tiña con quen subscribe, Nacho sempre seguiu profesionalmente o colexio, transmitindo estupendamente as nosas reivindicacións. Así fixo moitas amizades entre os compañeiros. Foi un excelente profesional do xornalismo, como o foi como persoa. Dende o colexio nunca o esqueceremos. Sempre nos deches unha lección de dignidade humana, que soubeches transmitir á túa muller Ainhoa e aos teus pequenos fillos.

Co desexo de que o 2016 sexa persoal e profesionalmente un bo ano para todos, recibide unha aperta.

Evaristo Nogueira Pol
Decano

A Avogacía de Santiago, a USC e a Escola de Práctica Xurídica reforzan a súa colaboración para formar novos profesionais

O Colexio de Avogados de Santiago, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Escola de Práctica Xurídica reforzaron a súa colaboración para formar os novos letrados e letradas da capital galega.

O reitor da Universidade, Juan Viaño, e o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, asinaron en setembro unha addenda ao convenio de colaboración do ano 2012 para impartir conxuntamente o Máster en Avogacía, obrigatorio para o exercicio profesional. Asistiron tamén ao acto o xerente da institución colexial, Manuel Arza, e o director da Escola, Lotario Vilaboy.

“A colaboración co reitor é constante e as relacións da Universidade coa avogacía de Santiago moi fluídas, o que nos permite seguir contando cunha Escola de Práctica Xurídica que é unha referencia en toda España, estamos moi satisfeitos polo nivel académico do centro”, asegurou Nogueira.

A addenda ao convenio fai referencia ao réxime económico do posgrao. A partir desta sinatura, as cantidades que a USC transfería ao Colexio para atender especificamente as obrigacións do máster incorporaranse ao orzamento da Escola, que no caso de que exista algunha partida sobrante poderá dedicala a atender outras actividades formativas.

O convenio regula tamén a docencia conxunta e a organización do período de prácticas externas deste posgrao. Juan Viaño mostrou a súa disposición para seguir colaborando na formación dos novos avogados e Vilaboy expresou a súa satisfacción pola modificación do convenio, “que nos permite de novo manter a capacidade de xestión deste máster”.

Este posgrao da USC, que na presente edición duplicou o número de estudantes, habilita para o acceso á proba final acreditativa da capacitación profesional para a obtención do título de avogado. Nos exames que xa foron convocados e que teñen carácter unificado para todo o Estado, todos os alumnos que pasaron pola Escola compostelá conseguiron superalos.

A lexislación actual condiciona o acceso ás profesións de avogado e de procurador á posesión da licenciatura ou grao en Dereito, á superación do máster e dun período formativo de prácticas externas, así como á superación da proba de avaliación final.

O Máster en Avogacía reúne un dobre perfil, habilitante para o exercicio profesional e como posgrao oficial universitario, integrándose como tal dentro do espazo europeo de ensino universitario. O programa consta de 90 créditos ECTS, 60 correspondentes ao curso de formación e 30 de prácticas externas. No que respecta a estas prácticas, os titores son profesionais da avogacía vinculados ao Colexio cunha antigüidade no exercicio profesional de polo menos cinco anos.

O Colexio de Avogados e a USC veñen colaborando dende hai máis de vinte e cinco anos na impartición deste tipo de formación especializada así como noutros ámbitos formativos, de xeito nomeado no *Practicum* da licenciatura en Dereito así como na formación de profesionais.



Implantación do sistema Lexnet a partir do 1 de xaneiro de 2016

O Colexio de Avogados de Santiago leva xa varios anos adherido ao proxecto ACA e por tanto o carné colexial conta coa necesaria sinatura dixital



O Colexio de Avogados de Santiago celebrou o pasado 26 de novembro un curso práctico sobre Lexnet. Este curso repetirase os xoves do mes de decembro ata o día 17. O sistema Lexnet entrará en funcionamento o 1 de xaneiro en todas as xurisdicións.

O Ministerio de Xustiza anunciou que a partir do 1 de xaneiro de 2016 os profesionais da xustiza (avogados e procuradores) e os órganos xudiciais estarán obrigados a empregar os sistemas telemáticos (Lexnet) para presentar escritos e

documentos, así como para realizar notificacións procesuais, usando para iso o carné colexial con sinatura dixital (ACA) que os acredita como tales profesionais.

Por tanto, a partir da data sinalada, avogados e procuradores só poderán comunicarse cos órganos xudiciais por vía telemática mediante o sistema informático Lexnet e para iso será imprescindible contar co carné colexial dotado de sinatura dixital.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela leva xa varios anos adherido ao proxecto ACA (autoridade de certificación da avogacía), xestionado por Red Abogacía, e por tanto o carné colexial conta coa necesaria sinatura dixital. Por medio deste carné permítese realizar actuacións telemáticas ante a Axencia Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social, a Dirección Xeral de Tráfico e moitas outras administracións.

Por todo isto é recomendable que os colexiados que aínda non dispoñan de carné colexial ou non o teñan activado, contacten coa secretaría do Colexio para poder usalo a partir de xaneiro do ano que vén.

Trámites para crear o carné colexial con sinatura dixital

1. Solicitar o carné na secretaría do colexio e achegar unha fotografía en tamaño carné.
2. Unha vez impreso o carné dixital, será citado no colexio para recollelo, activalo e recibir unha pequena demostración práctica sobre o seu funcionamento.
3. Custo: 20 euros (é a taxa que se paga ao CGAE pola tarxeta con chip incorporado), que se aboarán xunto coa solicitude.

Experiencia piloto nas xurisdicións contencioso-administrativa e laboral

Durante o mes de xuño o Colexio puxo en marcha unha experiencia piloto con 20 letrados que se levou a cabo nas xurisdicións contencioso-administrativa e laboral (nas que non se require da intervención de procurador) co fin de probar o funcionamento de Lexnet e, en particular, do sistema de recepción das notificacións.

QUE É LEXNET?

Lexnet é unha plataforma de intercambio seguro de información entre os órganos xudiciais e os operadores xurídicos que, no seu traballo diario, necesitan intercambiar documentos xudiciais.

Para facilitarlles aos letrados o uso deste sistema, RedAbogacía desenvolveu Lexnet Abogacía, servizo que che permite recoller e xestionar de xeito telemático as notificacións, así como remitir escritos ou demandas aos órganos xudiciais nos procedementos nos que non sexa preceptivo o procurador.



GAÑA TEMPO. AFORRA NOS DESPRAZAMENTOS

Lexnet Abogacía contribúe á modernización da xustiza e a facilitar o teu exercicio profesional. Axiliza as túas xestións e reduce a burocracia. Sen moverte do teu despacho, podes recoller as túas notificacións ou presentar un escrito nun xulgado. É un servizo en liña dispoñible 24 horas ao día, 365 días ao ano. Evítache esperas indesexadas e ter que axustar os teus horarios aos da Administración de xustiza.

ORGANIZA E XESTIONA AS TÚAS NOTIFICACIÓNS

Lexnet Abogacía permite a organización das notificacións mediante etiquetas, asegurando un maior control da información e o acceso rápido a ela. Dispón de funcionalidade de busca que facilita a localización do contido.

ALERTAS E AVISOS NO MÓBIL

Ademais, podes configurar "alertas" que se envían ao teu correo electrónico ou por SMS ao teu móbil, que te informan da recepción de novas notificacións.

GARANTÍA XURÍDICA E TÉCNICA

Lexnet Abogacía garante a autenticidade e integridade da transmisión, así como a data e hora de envío e recepción. Podes descargar xustificantes de presentación de escritos con plena validez xurídica.

NORMATIVA

O marco normativo actual sobre uso das tecnoloxías da información na Administración de xustiza recolle o deber de utilizar os medios electrónicos por parte dos profesionais.

(Lei 18/2011 reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza. Artigo 6)

COMO RECOLLER AS TÚAS NOTIFICACIÓNS?



- 1 Entra en "Buzón de Notificaciones Recibidas".
- 2 Selecciona as notificacións que queres recoller e preme en "Aceptar".
- 3 Espera a que finalice o proceso de aceptación de notificacións e preme en "Cerrar".
- 4 Entra en "Buzón de Notificaciones Aceptadas", onde poderás consultar o seu contido e o dos seus anexos. Tamén podes descargarlas, imprimilas e contestalas.



Se non recolles a notificación no prazo de 3 días desde a súa data de envío, entenderase que a comunicación foi efectuada legalmente, e os seus efectos despregaranse plenamente.

COMO RECIBIR POR EMAIL E SMS ALERTAS DA CHEGADA DE NOVAS NOTIFICACIÓNS?



- 1 No menú, selecciona a opción "Configuración".
- 2 Introduce o enderezo de email e o móbil en que desexas recibir as alertas.
- 3 Selecciona os tipos de avisos que desexas recibir e preme en "Guardar".

COMO COÑECER CANDO O MINISTERIO DE XUSTIZA MODIFICA UNHA INTERRUPCIÓN DO SEU SISTEMA LEXNET?



Entra na sección "Avisos", onde ademais de coñecer as notificacións do Ministerio de Xustiza poderás descargar os seus xustificantes de interrupción do servizo por se necesitas achegalos como documentación.

COMO DESCARGAR UN XUSTIFICANTE DE ENVÍO?



- 1 Entra no Menú Buzones>>Enviado>>Pendientes.
- 2 Selecciona o escrito do que queres obter o xustificante.
- 3 Preme en "Justificante".

COMO PRESENTAR O ESCRITO DE EMENDA?

Se a presentación do escrito resulta rexeitada, podes presentar o escrito de emenda:



- 1 Entra no Menú Buzones>>Enviado>>Rechazados. Selecciona o escrito que còmpe emendar e preme en "Corregir".
- 2 Modifica os datos do formulario que che indicaron desde o órgano xudicial que son erróneos.
- 3 Preme en "Enviar" e agarda a que finalice o proceso de envío.

Nos escritos de emenda non se admiten documentos adxuntos.

COMO PRESENTAR OS TEUS ESCRITOS?



- 1 Podes presentar un escrito de dúas formas:
 - Premendo en "Responder" no detalle dunha notificación aceptada.
 - No menú xeral selecciona "Nuevo Mensaje".
- 2 Cubre o formulario.
- 3 Anexa documentos indicando cal é o Principal (Formato PDF). Resolución entre 100 e 150 ppi. Tamaño máximo do envío: 6 Mb).
- 4 Preme en "enviar" e espera a que finalice o proceso de envío.



A Avogacía de Santiago consegue “unha posición de cidade” para reclamar un novo xulgado do social

Todos os grupos políticos con representación no Concello de Santiago apoian as reivindicacións do Colexio e demandan un trato xusto para a capital galega

O Colexio de Avogados de Santiago considera “inaceptable o colapso” dos tres xulgados do social da capital galega, con demoras de ata tres anos nos sinalamentos para xuízos de reclamacións á Seguridade Social en cuestións como graos de invalidez.

O Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) aconsella que no caso de que un xulgado supere os 735 asuntos anuais, debe crearse un novo. En Santiago de Compostela, as tres salas do social rexistraron no ano 2014 unha media de entrada de 1.109 asuntos, un 50 % máis do recomendado polo órgano máximo dos xuíces.

“A estes datos hai que engadir que a finais de 2014 había unha media de procedementos pendentes de resolver de 1.804 asuntos por sala”, afirmou Evaristo Nogueira, decano dos avogados de Santiago, nun comunicado enviado polo Colexio aos medios de comunicación no mes de novembro. Esta situación non

se circunscribe á xurisdición social, xa que por exemplo o de Familia atende o dobre de asuntos dos que debería tramitar un xulgado.

Resposta do Concello

As reivindicacións do Colexio de Avogados foron decontado atendidas polo Concello de Santiago. O alcalde, Martiño Noriega, convocou a Evaristo Nogueira a unha reunión cos representantes de todos os grupos municipais: Agustín Fernández (PP), Francisco Reyes (PSOE) e Rubén Cela (BNG).

Evaristo Nogueira agradeceu o apoio de todos os grupos políticos con representación no Concello compostelán, “que consideran prioritario para a cidade este tema e aprobaron no pleno municipal unha declaración institucional para demandar unha nova sala do social ao Ministerio de Xustiza”.

A xurisdición do social en Santiago abarca os partidos xudiciais de Muros, Noia, Ribeira,

Padrón e Nogueira. “En Compostela existe ademais a particularidade do alto número de asuntos derivados dos conflitos laborais que se producen na Xunta e na TVG, dúas entidades nas que non son frecuentes as conciliacións previas para evitar o xuízo”, engade Nogueira.

“Todos os datos obxectivos avalan a creación dun novo xulgado do social, en beneficio da cidadanía de Santiago de Compostela e tendo en conta que os temas que se tratan na xurisdición social son de capital importancia para os dereitos dos cidadáns; esta situación non se pode manter”, conclúe o decano dos avogados.

Declaración institucional

O pleno de Santiago aprobou o pasado día 9 de novembro, co voto unánime de todos os grupos con representación municipal, a citada declaración institucional que esixe a creación dun novo xulgado do Social na cidade. O texto en apoio da reclamación do Colexio de Avogados compostelán está subscrito polos voceiros tanto do partido no goberno local, Compostela Aberta, como os que están na oposición: PP, PSdG-PSOE e BNG.

A declaración sinala que “á vista do informe-proposta emitido polo decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira Pol, e recollendo a solicitude de apoio institucional, tendo en conta a sobrada importancia que ten contar cunha xurisdición social axeita-

da cara á atención dos dereitos da cidadanía” os grupos políticos acordan remitir o seu apoio unánime ao representante dos letrados composteláns “para que a faga valer en defensa desta lexítima demanda”.

Os avogados son a voz que con máis forza está a reclamar que Santiago conte con catro xulgados do social, un máis dos tres actuais, pero non a única. A solicitude conta co respaldo da Xunta de Xuíces, do Colexio de Procuradores e tamén dos sindicatos, que representan ao persoal laboral.

Reaccións políticas

O alcalde congratulouse de que en Santiago haxa “unidade” e unha “posición de cidade” entre todos os partidos da corporación “para reclamar o que nos corresponde, nin máis nin menos, cos datos de carga de traballo que existen”. O

voceiro local do PP, Agustín Hernández, está convencido de que non hai ningunha dúbida de que Santiago debe contar cun novo xulgado do social se Madrid aproba crear máis salas desta xurisdición en Galicia. O popular lembrou que este non é un problema recente, senón que “xa o temos identificado dende hai tempo, como outras carencias como a do contencioso-administrativo”, e coincidiu co rexedor na necesidade de “estar xuntos para reclamar o que é xusto”.

O socialista Paco Reyes explicou que buscarán agora o apoio de empresarios e sindicatos “que son vos máis afectados polos atrasos no xulgado do social”, e deixou claro que en Santiago “hai unha corporación tras o seu alcalde en defensa da cidade”.

O líder do BNG, Rubén Cela, mostrouse moi satisfeito do total acordo de todos os grupos para reivindicar un novo xulgado do social e asegurou que “son estes asuntos polos que paga a pena que rememos todos xuntos”. O nacionalista tamén estima que agora deben sumarse outros axentes sociais, como empresarios e sindicatos.

«O pleno de Santiago aprobou o 9 de novembro unha declaración institucional que esixe a creación dun novo xulgado do social»



A loita da avogacía, moi importante para a eliminación das taxas xudiciais para persoas físicas

O Colexio mostrou tamén a súa oposición á privatización do Rexistro Civil

O 2015 foi de novo un ano complicado para a xustiza, pero a loita dos axentes protagonistas no sector, como a avogacía, foi importante para a eliminación das taxas xurídicas para as persoas físicas e a non aprobación do polémico proxecto para privatizar o Rexistro Civil.

A eliminación das taxas foi unha vitoria dos cidadáns e da avogacía, que durante tres anos encabezou o clamor social contra as taxas xunto a todos os operadores xurídicos. Provocou unha xustiza para ricos e outra para pobres.

O Colexio de Avogados de Santiago mostrou o 27 de febreiro a súa satisfacción polo real decreto lei aprobado polo Consello de Ministros para derrogar as taxas xudiciais a todos os cidadáns, en todas as ordes xurisdiccionais e instancias xudiciais.

A avogacía compostelá manifestou con todo que “esta satisfacción é parcial porque non estendeu a derogación das taxas tamén ás pemes, o que repararía plenamente a inxustiza e contribuiría a impulsar o crecemento económico e a creación de emprego”.



En opinión do decano dos avogados composteláns e adxunto á presidencia do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE), Evaristo Nogueira, “a medida aprobada polo Goberno foi importante para a sociedade e para a avogacía, que liderou a batalla contra as taxas xunto a xuíces, fiscais, partidos políticos, sindicatos e asociacións de consumidores”.

“Grazas a esta presión social conseguíuse que a Lei de taxas fose modificada en dúas ocasións polo mesmo Goberno que puxo en marcha a norma, esta última vez para que os cidadáns non paguen este tributo”, apuntou Nogueira.

“Ponse fin así á agonía de miles de cidadáns que viron limitado o seu dereito de acceso á Xustiza durante máis de dous anos, sen que ademais o diñeiro recadado, en contra do prometido polo Goberno, se destinase a mellorar o servizo público da Xustiza Gratuíta”, engadiu.

Por último, Evaristo Nogueira sinalou que “a avogacía compostelá manifesta o seu compromiso de seguir loitando para estender esta medida ás pemes e continuar reclamando diálogo e consenso para acadar os cambios necesarios na xustiza”.

Rexistros civís

O Colexio de Avogados de Santiago manifestou desde un primeiro momento que a privatización do Rexistro Civil, que en principio ía entrar en vigor no mes de xullo a través da Lei 18/2014, era unha decisión difícil de entender

e que en ningún caso serviría como solución á lentitude da xustiza.

A xunta directiva dos avogados de Compostela sostén que “os rexistros civís traballan moi ben, é un dos servizos que mellor funciona nos xulgados, tramitan expedientes de nacementos, matrimonios ou estranxeiría con celeridade e investiuse moito diñeiro nos últimos anos na súa modernización e dixitalización”.

“Nunca entendemos cal foi a razón para unha privatización que prexudicará aos cidadáns; ademais, os funcionarios dos xulgados que se encargan deste labor están moi ben formados e, no caso dos rexistros civís que dependen de concellos pequenos, pode provocar unha perda de emprego”, afirma Nogueira.

Do mesmo xeito que pasou coas taxas xudiciais, había unanimidade entre a maior parte dos axentes xudiciais á hora de

«A xunta directiva dos avogados de Compostela sostén que “os rexistros civís traballan moi ben, é un dos servizos que mellor funciona nos xulgados”»

criticar a medida do Goberno, que atribuirá as funcións dos rexistros civís aos rexistros mercantís. O Colexio de Avogados de Santiago apoiou as mobilizacións e outras medidas de protesta en contra da privatización.

“Tampouco debemos esquecer as persoas que carecen de acceso aos servizos telemáticos por descoñecementos tecnolóxicos, por falta de recursos ou por estar en zonas rurais sen cobertura dixital e que quedarán sen un servizo de rexistro civil nos seus concellos”, manifestou o decano do Colexio.

A avogacía asegurou sempre que “o preocupante na xustiza española é a situación de colapso en moitos xulgados, aí é onde é necesario tomar medidas urxentes; a privatización do rexistro civil non solucionará nada”. Finalmente, grazas á presión dos operadores, o Goberno deu marcha atrás e non entrou en vigor a normativa para privatizar os rexistros.



Audi
A la vanguardia de la técnica



De repente cinco sentidos parecen pocos.

**Nuevo Audi A4.
No es magia, es A4.**

Tantas sensaciones que asimilar. Tantas innovaciones sorprendentes que, de repente, realidad y magia se confunden. La fascinación de avances tan futuristas como el cuadro de instrumentos digital de 12,3 pulgadas del Audi virtual cockpit, el sistema de iluminación inteligente Audi Matrix LED, el equipo de sonido Bang & Olufsen® con sonido 3D o el revolucionario asistente de conducción en atascos traffic jam assist. ¿Es magia? No, es mucho más.

www.nuevoaudia4.es

Brea Móvil

Ctra. N-550, km 59 - A Pulleira
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 56 97 00

Luis Aláez, xuíz

«Todo aquilo que non entorpeza a investigación pode e debe facerse público se o demanda a sociedade»

Medalla de Ouro na categoría de Non Avogados na festividade de San Raimundo de Peñafort 2015, o xuíz Luis Aláez considera que “son moitas as cuestións que cómpre resolver para lograr que a xustiza sexa máis áxil e eficaz”. Recomendaríalle a un novo xuíz ou xuíza “que sexa menos conformista do que somos a maioría e que loite pola calidade do seu traballo, aínda á custa de perdas económicas”.



Pregunta: É xuíz por vocación? Como naceu no caso de ser así?

Resposta: Non de orixe. O meu achegamento á carreira xudicial responde a unha invitación ou estímulo do meu pai (avogado en exercicio naquel momento). É co ingreso cando nace a miña disposición ao exercicio desta profesión.

P: Canto tempo leva en exercicio e onde exerceu?

R: Dende o ano 2000, exercendo os primeiros anos como xuíz en Negreira e, tras o ascenso a maxistrado, en xulgados de instrución de Vigo e A Coruña, ata que logrei praza en Santiago, primeiro nun xulgado de instrución e actualmente nun xulgado do penal.

P: E despois dese tempo, cales cre que son os problemas máis graves da xustiza en España?

R: Demasiados, a falta de investimento, a escaseza de xuíces e a consecuente sobrecarga de

traballo, o desfasado sistema organizativo, a falta de implicación dos operadores xurídicos, as normativas do século pasado, as carencias tecnolóxicas, e algúns máis que fan a xustiza lenta, ineficaz e pobre.

P: Ten solución o colapso xudicial?

R: A longo prazo quizais. Son moitas esas cuestións que cómpre resolver para lograr que a xustiza sexa máis áxil e eficaz. Mentres, potenciar a arbitraje e a mediación poden servir de bálsamo, pero nunca serán a solución aos problemas da xustiza.

P: Considera que a cidadanía recorre en exceso aos tribunais?

R: Sempre se fala de que en España hai unha litixiosidade excesiva. Non sei se é así, dende logo son moitos os que confían a protección dos seus dereitos e bens ao sistema xudicial, e en ocasións seguramente porque a sociedade non lles dá ou ofrece outros recursos, pero en calquera caso non pode iso erixirse en razón do colapso dos tribunais.

P: A xustiza é igual para todos?

R: Non, obviamente, e dende unha dobre perspectiva. Por unha banda, dende o momento en que é un servizo público cun alto custo económico en moitos casos para o cidadán que quere acceder a el; e, por outra, pola falta de unificación da xurisprudencia, ben porque se trate de asuntos que non chegan ao Tribunal Supremo, ben porque chegando non son unificados, o que permite que os xuíces lles deamos respostas dispares, e con iso ademais de desigualdade prodúcese outro efecto indesexable, a inseguridade xurídica.

P: Outro tema polémico e mediático a día de hoxe é o xurado popular. Que opinión lle merece?

R: Afírmase, con frecuencia, que para vulgar o importante non é saber dereito, senón ser xusto, e que os xuíces profesionais poden equivocarse tanto como os leigos, xa que os xurados non fan cualificacións xurídicas, senón que falan sobre feitos e din se estes están probados ou non, pero o certo é que o axuizamento dos delitos esixe unhas técnicas na produción e valoración de probas que as proporciona o oficio, polo que o xurado en España foi deseñado polo lexislador, con acerto, tutelado por un maxistrado.

P: Son excesivas as filtracións de instrucións xudiciais aos medios de comunicación? Habería que evitalas?

R: Non, o que se dá en exceso é falta de transparencia. O segredo do sumario non supón, de ningún xeito, que os sucesos ou feitos sobre os que se investiga sexan arrebatados á liberdade de información porque resulta esencial para a formación dunha opinión pública libre. Todo aquilo que non entorpeza a investigación pode e debe facerse público se o demanda a sociedade e para iso existe unha canle adecuada como son os gabinetes de comunicación dos tribunais superiores de xustiza ou do CXPX.

P: Pasado un tempo, que recordo lle queda da instrución do accidente do Alvia?

R: Moitos, pero o máis indeleble é o dos primeiros momentos.

P: Levou ben a repercusión pública do caso?

R: Se falamos da investigación ou instrución, si. Era un suceso con extraordinaria relevancia pública que merecía que a instrución fose transparente, e para iso había que facilitar información aos medios de comunicación.

P: Considera xusta a imaxe de xustiza politizada que parece estar estendida entre a cidadanía?

R: Esa percepción é lóxica cando se fai dende o punto de vista da vinculación dos vogais do CXPX a unha opción política e a designación do presi-



dente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial por este, pero paréceme perigosa cando se xeneraliza e se leva a cuestionar sentenzas e decisións xudiciais. Na maioría dos asuntos que resolve a xustiza non hai tinguiduras de politización e os xuíces gozamos verdadeiramente de independencia. Unha das claves para a rexeneración do noso país é precisamente conseguir un sistema xudicial que sexa confiable, apolítico...

P: Vostede ten trato acotío cos avogados de Santiago, que opinión lle merecen?

R: Boa. É un colectivo que merece todo o meu respecto, tanto polo seu quefacer profesional como polas súas relacións persoais comigo.

P: A avogacía demanda de forma constante un novo xulgado do social e outras infraestruturas para a capital galega. Faltan

medios para axilizar a xustiza?

R: Si, sen paliativos.

P: Que lle recomendaría a un novo xuíz ou xuíza?

R: Que sexa menos conformista do que somos a maioría e que loite pola calidade do seu traballo, aínda á custa de perdas económicas.

P: Pensou algunha vez a que se dedicaría profesionalmente no caso de non ser xuíz?

R: Ao exercicio da avogacía co meu pai e un irmán.

CUESTIONARIO PERSOAL

- **Que afeccións ten?** Ler e viaxar.
- **Un libro recente?** *O soño do celta* (Mario Vargas Llosa).
- **E unha película?** Aquí voume atrás no tempo: *A ventá indiscreta* (Hitchcock).
- **Que comida galega lle gusta?** O cocido galego.
- **Mar ou montaña?** Mar.
- **Unha cidade para vivir?** Pontevedra.
- **Un lugar que recomende como turista?** Moitas capitais europeas: Lisboa, Budapest, París...



Pregunta: A decisión de dedicarse á avogacía, foi vocacional dende o primeiro momento?

Resposta: Non. Antes explorei outros camiños, frustrados. Pasados uns anos dende a conclusión dos estudos na facultade –fun estudante mediocre, salvo os dous últimos cursos–, tiven que preguntarme polo modo de “gañar a vida”, e principie a traballar, só, con moito medo. Foime ben; tiven sorte e, a medida que avanzaba no exercicio profesional, sentía máis preto de min o significado do Dereito, como único e axeitado camiño para a defensa dos intereses cidadáns (as vías de feito –agás casos moi concretos– están proscritas no mundo xurídico). En anterior ocasión, escribín que “entrar e manterse no exercicio profesional, sentíndoo e asumíndoo con rigor, comporta unha especial disposición, e esta non é outra que a de intuír e aprehender a realidade xurídica co rango do maxisterio”. Pasados os anos, tal apreciación segue sendo válida. Ensinar, a través dun preito, un ditame ou unha consulta, supón “ser cómplice dunha posibilidade transcendente”, como ensinou George Steiner.

P: Onde comezou a exercer e que recordos ten dos seus primeiros anos como avogado?

R: Os comezos foron en Ferrol, na casa dos meus pais, despois dunha infrutuosa busca polos despachos da Coruña, onde vivín os primeiros anos. Tras a xestión de miña nai co avogado don

José Seoane Iglesias, avogado

«Ao principio, a profesión parecíame inabarcable, pero pouco a pouco un vai saíndo indemne»

En exercicio dende 1964, José Seoane foi decano dos avogados de Ferrol e presidente do Consello da Avogacía Galega. Lembra a súa traxectoria e sostén que “sempre resulta custoso empezar unha profesión, máis aínda se non se ten un mestre ou unha axuda, pero a constancia, o traballo e a humildade vencen todo”.

Rogelio Cenalmor Ramos, máis tarde alcalde da cidade (a quen nunca lle pago o trato cordial e profesional que el e a súa familia me ofreceron), entrei no seu despacho, e alí estiven preto de catro anos. Os recordos deses anos foron recordos do medo que pasei nun principio e os da satisfacción de ir avanzando no traballo. Ao principio, a profesión parecíame inabarcable, pero pouco a pouco un vai saíndo indemne. Eu contei con axudas dalgún que outro profesional. Co tempo optei por dedicarme preferentemente aos mundos do Dereito Civil e do Dereito Penal. Na esfera civilística, polo impulso que me brindou don Ramón Carballal Pernas, maxistrado de fondo prestixio na Audiencia Territorial daquela, a quen coñecín sendo el xuíz en Ferrol, matinei pequenos traballos do Dereito Civil de Galicia, dentro da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación de Galicia, da que son numerario hai máis de vinte anos.

P: Téñeno agora os novos avogados máis complicado para empezar a exercer ou non cre que sexa así?

R: Sempre resulta custoso empezar unha profesión, máis aínda se non se ten un mestre ou unha axuda, que lle indique unhas liñas de actuación. A constancia, o traballo e a humildade (non a humillación) vencen todo. “Con la lección y estudio nos mejora”, todo se supera, segundo recordou Quevedo. Por moi alto que subamos ou moi baixo que baixemos, nunca descendemos de nós mesmos, segundo de forma indeleble se dixo.

P: Que consello lle daría a un novo avogado ou avogada?

R: Eu ningún consello. Mans Puigarnau (*Lógica para juristas*), avogado catalán, entendía que o letrado se move entre dous polos: a verdade da causa e o interese do cliente. Isto é, un problema de valoración lóxica e outro de ponderación ética. No medio, debe instalarse o letrado. Non todo vale. Un bo avogado non pode deixarse ir polas indicacións no cliente. Isto é un erro. Pasoume unha vez.

P: Cre que a profesión da avogacía goza do prestixio necesario entre a cidadanía?

R: Creo que si.

P: Como ve o futuro da profesión?

R: Complicado, como o país. Espero e desexo que novas forzas políticas resulten máis honestas que algunhas das actuais. Que nos axuden a mellorar, aos cidadáns e aos dirixentes.

P: De que se sente máis orgulloso da súa etapa como decano do Colexio de Avogados de Ferrol?

R: De levar o Colexio ás inquedanzas da cidade e ás dos cidadáns. A través da corporación profesional buscamos, naquel tempo, traer facultades universitarias a este departamento marítimo. Algo conseguíuse. Asemade, sendo o Colexio máis pequeno desta nacionalidade histórica, buscamos aproximarnos aos demais de Galicia, de España e, nalgún caso, con corporacións profesionais estranxeiras.

P: E da súa etapa como presidente do Consello da Avogacía Galega?

R: De ser elixido polos meus compañeiros, os decanos dos restantes colexios. No discurso que pronunciei con motivo da instauración do dito organismo, dixen que “Nunha intemporal perspectiva, co substrato da dual dimensión que precisa o avogado –técnica e humanística–, a imaxe e a proxección social que a avogacía debe ofrecer a quen serve, requirirá a asunción de actitudes e de condutas moldeadas cos compoñentes da respectabilidade, da eticidade e do señorío”. Vale para que o teña en conta quen comeza a súa andadura na avogacía.

P: Cre que a cidadanía e os propios profesionais entenden a importancia dos colexios de avogados?

R: Creo que a xente, en xeral, é respectuosa cos nosos colexios. Os mesmos avogados deberían aproximarse máis –falo no meu tempo– á vida colexial. Moitas veces orfa de apoios dos propios colexiados.

P: Considera que a profesión está unida en

defensa das súas demandas ou debería unirse máis?

R: “Non sabedes a forza que tedes... xuntos.” Así me contestou un distinguido maxistrado. Queda, dese modo, contestada a pregunta.

P: Deixará de ser a xustiza algún día unha materia pendente en España? Que faría falta para conseguilo?

R: Os dirixentes da nación deben entender que sen xustiza nunca teremos un país libre, e a liberdade é tan necesaria que sen ela non hai dereito, nin xustiza nin paz, como atinadamente, máis ou menos, dixera anos a tras o xurista uruguaio Couture. Pero non esquezamos as ensinanzas de don Antonio Machado: “*De lo que llaman los hombres, verdad, justicia y bondad, una mitad es envidia y la otra no es caridad*”.

P: Que sentiu cando os avogados de Santiago decidiron concederlle a Medalla de Ouro?

R: Quedei abraiado, cando así mo comunicou o decano do Colexio, don Evaristo Nogueira Pol, fillo doutro decano. Ambos os dous compañeiros e amigos inesquecibles. Supoño que esa honrosa e inesperada distinción obedeceu, fundamentalmente, ao actual decano. Deus llo pague. Mil agradecementos á Xunta do Colexio. En verdade, non son merecente desa honra.

CUESTIONARIO PERSOAL

Campo ou cidade: As dúas.

Un lugar de Galicia: Os arredores de Ferrol.

Un libro: *Os ensaios*, de Montaigne.

Unha comida: Calquera das que aquí se cociñan. Os mariscos, o peixe.

Para beber: Uns Ribeiros ou Albariños. Non me esquezo das augas minerais do país.

Unha frase: “Señor (Cabaleiro), non levante a voz, mellore os seus argumentos”, do Dr. Samuel Johnson.

Un personaxe histórico: O Sócrates platónico. Por enriba de todos, o da súa Defensa.

Unha canción: O dúo inicial de Stabat Mater, de Giovanni Battista Pergolesi, que soamente viviu vinte e cinco anos! Engadir un son cubano e unhas tonadas arxentinas. Para min é unha ledicia ouvir calquera trío músico-vocal de Iberoamérica.

Un desexo: Mellorar sequera un pouco.



Visita institucional ao Colexio de Avogados do ministro de Xustiza, Rafael Catalá

O ministro de Xustiza, Rafael Catalá, visitou no mes de maio o Colexio de Avogados de Santiago, onde foi recibido pola xunta directiva da institución encabezada por Evaristo Nogueira.

Tratouse da primeira visita institucional do titular de Xustiza ao Colexio de Avogados compostelán. O decano dos letrados e adxunto á presidencia da Avogacía Española, Evaristo Nogueira, agradeceu “o talante e a predisposición ao diálogo de Rafael Catalá, aínda que en ocasións non esteamos de acordo coas decisións do Goberno”.

Na visita, os avogados composteláns reiteraron ao ministro a súa demanda de que se eliminen tamén as taxas xudiciais para as

persoas xurídicas, sobre todo as pemes. “Foi un grande avance a eliminación para as persoas físicas, pero non nos conformamos e debemos pelexar pola tutela xudicial efectiva e plena”, afirmou Nogueira.

Tamén se lle expuxo ao ministro de Xustiza a necesidade de eliminar o importe das custas que os cidadáns deben pagar cando preitean contra a Administración no contencioso-administrativo por calquera motivo (multas de tráfico, Facenda, etcétera).

A avogacía mantivo unha relación distante co anterior ministro de Xustiza, Alberto Ruiz Gallardón, polo que agradeceu o cambio de talante por parte de Rafael Catalá.



FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT 2015

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou o pasado mes de febreiro a festividade de San Raimundo de Peñafort, cun acto central no Salón Nobre do Pazo de Fonseca ao que asistiron máis de 400 persoas e numerosas autoridades dos ámbitos político, xurídico e civil da sociedade galega. Os condecorados no 2015 foron o maxistrado Luís Aláez Legerén, o letrado José Luis Seoane Iglesias e o xornalista Nacho Mirás Fole, tristemente falecido o pasado mes de outubro.

O acto foi presidido polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda; xunto ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Miguel Ángel Cadenas; o ex fiscal superior, Carlos Varela; e o presidente da Audiencia Provincial da Coruña, José Luis Seoane. Tamén estiveron en Fonseca representantes de todos os grupos municipais e outras autoridades locais e autonómicas.

O decano dos avogados composteláns, Evaristo Nogueira, lembrou na súa intervención no acto a figura de Javier Álvarez Santullano, ex decano do colexio falecido en 2014, así como a Ramón Cruces e Baldomero Cores. Nogueira demandou “unha supresión das taxas xudiciais en todos os ámbitos”.

“A avogacía tamén rexeita reformas legislativas que leven consigo recortes de dereitos individuais ou colectivos; os cidadáns debemos esixir dos nosos gobernos que se ocupen da nosa seguridade, pero esa lexítima aspiración á seguridade non debe satisfacerse cunha limitación da liberdade individual”, manifestou.

En opinión do decano compostelán, “liberdade, intimidade e seguridade non deben ser incompatibles e así deben entendelo os nosos gobernos, cuxa obrigaçión de velar pola nosa seguridade debe cumprirse sen alcanzar un grao de limitación de dereitos e liberdades fundamentais que sería incompatible; rexeitamos igualmente de forma enérxica a prisión permanente revisable”.



Mesa de autoridades encargadas de entregar os premios durante a festividade de San Raimundo de Peñafort 2015



José Luis Seoane, Nacho Mirás e Luis Aláez posan coas autoridades no Salón Nobre do Pazo de Fonseca ao remate do acto



Vista xeral das máis de trescentas persoas que asistiron en febreiro ao acto central en Fonseca



Representantes da vida política, xudicial e social estiveron na festividade de San Raimundo

O Colexio de Avogados entregou a medalla de ouro no apartado de “avogados” a José Seoane Iglesias, en exercicio desde o 25 de febreiro de 1964, ex decano do Colexio de Avogados de Ferrol e ex presidente do Consello da Avogacía Galega. “Culto e humanista, tivo sempre unha visión clara do que é esta profesión e deixa unha gran pegada; é un espello para todos nós”, asegurou Nogueira.

A xunta de goberno considerou que Seoane “representa a máis pura esencia do espírito da avogacía e entendeu sempre a profesión como un servizo esencial á cidadanía; os seus mandatos como decano de Ferrol e como presidente da avogacía galega estiveron presididos pola defensa da profesión e da súa dignificación, foi e é un excelente e fiel compañeiro”.

No apartado de “non avogados”, recibiu a medalla de ouro o maxistrado Luís Aláez Legerén, que estivo durante case un ano á fronte

do procedemento xudicial do accidente do Alvia. “Non lle tremeu a man para indagar en responsabilidades, sempre gardando un profundo respecto tanto ao dereito de defensa como ao dereito das vítimas para coñecer a realidade; demostrou ante toda España o que, ao entender da avogacía, debe ser a función dun xuíz de instrución, como a de ser eficaz, comedido, dilixente e sobre todo prudente”, considerou o Colexio de Avogados de Santiago.

Á marxe das medallas de ouro, o VI Premio Dereitos Humanos foi para o xornalista Nacho Mirás Fole. “Nacho transmitía liberdade, entendida como un dereito inalienable das persoas; somos libres e nada nos pode facer escravos nin das guerras, nin de intolerancias terroristas, nin da miseria, nin da fame, nin por suposto das enfermidades. A loita por ser libre ante esas adversidades fainos crer no ser humano e Nacho deunos un exemplo día a día de todo isto”, lembra Evaristo Nogueira.

O programa da festividade de San Raimundo de Peñafort comezou ás seis da tarde cunha misa no altar maior da Catedral de Santiago, para dar paso ao acto solemne en Fonseca no que tamén houbo unha xura de novos letrados. A xornada pechouse cunha cea de confraternización no Hotel Puerta del Camino.



Membros da xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago, familiares e amigos dos premiados durante a gala de San Raimundo de Peñafort



Os asistentes á gala aplauden tras escoitar o himno galego, que puxo o punto final aos actos centrais da festividade anual dos avogados de Compostela



Antes do comezo do acto, varios membros da xunta de goberno da institución colexial conversan no salón nobre do Pazo de Fonseca



O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, durante o acto de entrega de medallas



Como é tradicional todos anos na festividade de San Raimundo, novos avogados e avogadas xuraron cos seus padriños para comezar a súa traxectoria profesional



Nesta fotografía están tamén parte dos avogados e avogadas que realizaron a súa xura no acto de San Raimundo, un dos momentos máis emotivos da gala

Cursos e xornadas



II Curso práctico sobre honorarios profesionales en taxación de custas

O día 24 de marzo desenvolveuse unha segunda edición deste curso práctico sobre honorarios profesionais.

Curso sobre a reforma do Código penal (2015)

Os días 28 de maio; 4, 11, 18 e 25 de xuño; 2 e 9 de xullo impartíuse na facultade de Ciencias Políticas este curso

organizado polo Colexio de Avogados, no que participaron como relatores numerosos expertos e especialistas procedentes do ámbito do dereito.

Conferencia: Montero Ríos e o Dereito

O pasado 19 de febreiro tivo lugar no salón de actos do Colexio de Avogados a conferencia “Montero Ríos e o Dereito”, que foi impartida por Modesto Barcia Lago, avogado, escritor e ex decano do Colexio de Avogados de Pontevedra.

Curso práctico sobre honorarios profesionais en taxación de custas

O 11 de marzo impartíuse o Curso práctico sobre honorarios profesionais en taxación de custas, a cargo de Manuel Arza Galán, secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago.

XI Congreso Nacional da Avogacía

Entre os días 6 e 8 de maio tivo lugar en Vitoria-Gasteiz o XI Congreso Nacional da Avogacía. O Colexio de Avogados de Santiago concedeu 15 de bolsas para cubrir os gastos de inscrición dos colexiados interesados en asistir a este congreso.

Curso práctico sobre Lexnet

O día 22 de xullo desenvolveuse este curso que foi impartido por persoal técnico da Plataforma Redabogacia e do Consello Xeral da Avogacía Española co fin de dar a coñecer entre os colexiados o funcionamento do novo sistema informático Lexnet.



Xornada sobre a nova lei da xurisdición voluntaria

O 20 de outubro tivo lugar esta xornada, que foi impartida por Miguel Guerra, director de Sepin Procesal e avogado.

Xornada sobre lexislación e oportunidades do uso de drones en enxeñaría

O Colexio de Avogados, en colaboración co Colexio de Avogados de Ourense e co Colexio

Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, ofreceu o 17 de setembro esta xornada para abordar o marco regulador sobre este tipo de aeronaves pilotadas a distancia.

III Encontro de Avogados e Avogadas de Violencia de Xénero

O Colexio de Avogados concedeu dúas bolsas entre os colexiados para asistir a este encontro, que tivo lugar en Gijón entre os días 24 e 25 de setembro.

A Avogacía de Santiago participou nun foro con países iberoamericanos para mellorar a prevención e a atención ás vítimas de violencia de xénero

A Avogacía de Santiago de Compostela participou en setembro nun foro internacional en Montevideo (Uruguai) para mellorar a prevención e a atención ás vítimas de violencia de xénero, baixo a coordinación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Patricia López Arnos, da xunta directiva do Colexio de Avogados de Santiago, forma parte da subcomisión de violencia sobre a muller do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE) e estivo no foro en representación do Consello da Avogacía Galega, explicando a asistencia que os letrados composteláns ofrecen ás vítimas.

“Os organizadores do foro tiñan a intención de promover modos de actuación na esfera gobernamental, non gobernamental e intergubernamental en Latinoamérica para superar os obstáculos de dereito e de procedemento que impiden o acceso da muller a recursos xudiciais e medios de protección eficaces”, asegura López Arnos.

A avogada compostelá interveu en varios relatorios sobre 'Os ciclos habituais no comportamento da muller vítima de violencia de xénero'; 'A declaración da vítima'; 'Os estereotipos de xénero como violación de dereitos humanos'; 'A formación especializada dos avogados intervinientes na asistencia'; 'Atención letrada ás vítimas', e 'A infancia como vítima de violencia'.

O Colexio de Avogados de Santiago ten un servizo de asistencia a vítimas de violencia de xénero, aberto todo o ano as 24 horas do día con profesionais especializados. A institución colexial ofrece formación aos letrados de forma constante para atender da mellor maneira ás vítimas.



Acordos da Xunta de Goberno e novidades

Adaptación dos criterios de honorarios á lei 25/2009 e á lei 15/2007 de defensa da competencia

A Xunta Xeral, na súa sesión ordinaria do 18.01.2010, acordou adaptar os *Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela de 2009* á Lei 25/2009, do 22 de decembro e á Lei 15/2007 de defensa da competencia. Así, en cumprimento do artigo 14 e da disposición adicional cuarta da Lei 25/2009, os ditos Criterios pasaron a denominarse “Criterios sobre honorarios profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para a taxación de custas e a xura de contas”. Neste novo texto a súa aplicación quedou reservada aos efectos exclusivos da taxación de custas, da xura de contas e do cálculo dos honorarios correspondentes á taxación de custas na asistencia xurídica gratuíta.

De cara a seguir desenvolvendo o dito acordo e completar a adaptación dos Criterios de honorarios á citada normativa, a Xunta de Goberno deste colexio, na sesión do 01.07.2015, tomou o seguinte acordo:

1. Denominación. Pasará a ser a seguinte: “Criterios de honorarios para os efectos exclusivos da taxación de custas e da xura de contas”.

Os criterios serán aplicables “exclusivamente” ás taxacións de custas e ás xuras de contas. Tamén se aplicarán cando proceda taxar honorarios en asuntos de xustiza gratuíta.

2. Deixar sen efecto todas aquelas normas que regulen directa ou indirectamente os honorarios entre avogado e cliente xa que nestes casos o avogado e o seu cliente teñen dereito a convir libremente a contía dos seus honorarios. Polo tanto, introdúcese no texto anterior as seguintes modificacións:

a) Modificacións no título preliminar:

- Elimínanse todas as referencias a “finalidade orientadora” e “de referencia”.
- As cantidades orientadoras que aparecen a carón de cada norma pasarán a denominarse “contías de referencia” e seguirán actualizándose co IPC correspondente.
- No capítulo II sobre “principios básicos”: elimínase integramente o apartado C) sobre “carácter orientador” e “importe orientador”; no apartado D) elimínase a última oración (“En tales supostos, o presente baremo...”); elimínase integramente o apartado E).
- O capítulo III elimínase na súa totalidade.
- No capítulo IV sobre “distribución de honorarios”, elimínase do primeiro parágrafo A) sobre “criterios xerais” o texto “En defensa de especial determinación ou pacto”.
- Elimínanse os capítulos V e VI.
- No capítulo VII sobre “contía” engádese ao final do apartado A) o seguinte texto: “para a xura de contas”; o apartado I) elimínase.

b) Elimínanse as seguintes partes

- Libro I, sobre “actividades e actuacións extraprocesuais”
- Libro VI, sobre “registro civil”
- Libro VII, sobre “xurisdición militar”
- Libro VIII, sobre “asesoría xurídica de entidades e empresas”

Ao tratarse duns criterios exclusivos para taxacións de custas e xuras de contas, non se poden regular as actuacións citadas, polo que estes libros quedan sen efecto.

Orde pola que se establece a notificación electrónica dos expedientes de asistencia xurídica gratuíta

No DOG do pasado 4 de setembro publicouse a Orde do 31 de xullo de 2015 pola que se establece a notificación electrónica dos expedientes de asistencia xurídica gratuíta.

No ámbito das xestións da asistencia xurídica gratuíta, esta orde insta a sistema de notificación electrónica denominado **Notific@**, que pasa a substituír o sistema tradicional de comunicacións postais certificadas, coas mesmas garantías legais, de seguridade e confidencialidade.

A entrada en vigor desta orde comporta a obriga para as entidades e os letrados da quenda de oficio de se dar de alta no dito sistema electrónico.

Segundo o texto desta disposición, os colexios de avogados e procuradores de Galicia, así como os profesionais da avogacía e da procuradoría que estean incluídos nas quendas de oficio dispoñen dun prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG, para formalizaren a alta no sistema Notific@, ao que se poderá acceder a través do portal eXustiza por medio do carné colexial con certificado electrónico.

Rexistro de avogados para prestar asistencia xurídica a persoas refuxiadas e desprazadas

A Xunta de Goberno, na sesión do 21.09.2015, acordou a creación dun Rexistro de avogados/as para prestar asistencia xurídica a persoas refuxiadas e desprazadas. En colaboración coa mesma iniciativa formulada dende o CGAE, o Colexio manterá un rexistro de avogados especializados en materia de inmigración e asilo que se porá á disposición das autoridades españolas e da UE para abordar a asistencia xurídica dos potenciais refuxiados e persoas desprazadas.

A asistencia poderá prestarse tanto a nivel nacional e local coma nos denominados *hotspots* (puntos quentes europeos) para colaborar in situ cos avogados e coas autoridades dos países afectados que así o demanden.

Os avogados/as interesados/as en formar parte deste rexistro poden presentar a súa solicitude escrita de incorporación na secretaría do colexio.

Novidades legislativas

- **Orde ESS/86/2015**, do 30 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento da actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015 (BOE núm. 27, do 31.01.2015)
- **Lei 4/2015**, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito (BOE núm. 101, do 28.04.2015)
- **Orde HAP/861/2015**, do 7 de maio, pola que se modifica a Orde HAP/2662/2012, do 13 de decembro, pola que se aproba o modelo 696 de autoliquidación, e o modelo 695 de solicitude de devolución, da taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social e se determinan lugar, forma, prazos e procedementos de presentación (BOE núm. 113, do 12 de maio de 2015)
- **Lei 9/2015**, do 25 de maio, de medidas urxentes en materia concursal (BOE núm. 125, do 26.05.2015)

- Corrección de erros da **Lei orgánica 1/2015**, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (BOE núm. 139, do 11.06.2015)
- **Real decreto 421/2015**, do 29 de maio, polo que se regulan os modelos de estatutos-tipo e de escritura pública estandarizados das sociedades de responsabilidade limitada, se aproba un modelo de estatutos tipo, se regula a Axenda electrónica notarial e a Bolsa de denominacións sociais con reserva (BOE núm. 141, do 13.06.2015)
- **Lei 13/2015**, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria aprobada polo Decreto do 8 de febreiro de 1946 e do texto refundido da Lei de catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo (BOE núm. 151, do 25.06.2015)
- **Lei 15/2015**, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria (BOE núm. 158, do 03.07.2015)
- **Real decreto lei 9/2015**, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do impostos sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico (BOE núm. 165, do 11.07.2015)
- **Real decreto 634/2015**, do 10 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sociedades (BOE núm. 165, do 11.07.2015)
- **Lei 19/2015**, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil (BOE núm. 167, do 14.07.2015)
- **Lei orgánica 7/2015**, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 174, do 22.07.2015)
- **Lei 23/2015**, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE núm. 174, do 22.07.2015)
- Corrección de erros da **Lei 15/2015**, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria (BOE núm. 210, do 02.09.2015)
- **Orde JUS/1840/2015**, do 9 de setembro, pola que se aproba o modelo de escritura pública en formato estandarizado e campos codificados das sociedades de responsabilidade limitada, así como a relación de actividades que poden formar parte do obxecto social (BOE núm. 219, do 12.09.2015)
- **Lei 35/2015**, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación (BOE núm. 228, do 23.09.2015)
- **Lei 39/2015**, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015)
- **Lei 40/2015**, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 02.10.2015)
- **Lei 41/2015**, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais (BOE núm. 239, do 06.10.2015)
- **Lei 42/2015**, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil (BOE núm. 239, do 06.10.2015)
- **Lei orgánica 13/2015**, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para o fortalecemento das garantías procesuais e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica (BOE núm. 239, do 06.10.2015)
- **Real decreto legislativo 2/2015**, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24.10.2015)
- **Real decreto legislativo 3/2015**, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego (BOE núm. 255, do 24.10.2015)
- **Real decreto legislativo 6/2015**, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria (BOE núm. 261, do 31.10.2015)
- **Real decreto legislativo 8/2015**, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (BOE núm. 261, do 31.10.2015)

Un xuízo oral (“bilingüe”) nunha vila galega no outono de 1942

Xesús Alonso Montero

Presidente da Real Academia Galega



O seguinte relato foi creado por don Xesús Alonso Montero co gallo da súa comunicación na “VII Xornada Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización”, que tivo lugar o día 28 de novembro de 2013 no Colexio de Avogados de Santiago de

Compostela. Posteriormente, o texto foi adaptado para unha peza teatral (Edicións Fervenza, Colección A Pinguela, Teatro Escolar, núm. 84, Galicia 2014), que agora, congratulados, reproducimos neste número da revista.

PRÓLOGO

O día [28 de novembro] de 2013 participei, no Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, nunha mesa redonda sobre Lingua e Dereito. Eu, o único non xurista daquel simposio, decanteime pola erudición literaria e ofrecín unha ponencia titulada “Luciano Puga Blanco, avogado defensor de Curros Enríquez (1881), traduciu mal ó poeta para defendelo ben”, tema xa tratado por min nun volume colectivo de 2010. Entendendo que se me pedía algo máis –e máis contemporáneo–, invoquei a Talía, musa do teatro, e “inventei” un xuízo oral celebrado, en pleno franquismo, na vila de Ribadavia, para min moi familiar. Non todo foi invento. Eu construí a farsa xudicial sobre algúns dos aspectos e elementos dos que falaban, cando eu era neno, as xentes adultas do Ribeiro. Nunca esquecín aqueles relatos, máis ou menos críticos todos eles. [...]

PERSONAXES

- Avogado defensor.
- Balbino Neira Castro (o acusado). Mozo duns vinte anos, de familia pobre (o pai, criado moi subalterno na casa dos pais de Manuel Frade Seivane, “agredido” por Balbino, e a nai, costureira con moito pouco traballo). Balbino, que non foi á escola, é analfabeto e nunca saíu da aldea. Non fala castelán nin sequera o tateixa, pero enténdeo nalgunha medida. É listote, moi listote. No xuízo, en parte por ignorancia do contexto e, en parte, por un sentimento de dignidade persoa, compórtase verbalmente, ás veces, pouco convencionalmente.
- Fiscal.
- Manuel Frade Seivane (o “agredido” por Balbino). Señorito duns vinte anos, fillo dos amos do pai de Balbino. Castelán falante. Nesta “obra” non fala directamente.
- Nai (de Balbino). Duns corenta anos. Malia as estreiteces pasadas, aínda lle queda un evidente atractivo físico. Costureira, ás veces cose para fóra. Nas casas ricas póusanse nela, impúdicas, as olladas dos señores, dos señoritos e dos criados con certo mando.
- Oficial.
- Secretario.
- Voces (dos señores ben traxados).
- Xuíz.

OBSERVACIÓNS PARA ALGÚNS LECTORES

Este xuízo celebrouse en Ribadavia, razón pola cal Balbino, o único que fala galego *in extenso*, faino no “dialecto” do Ribeiro, tanto nas súas peculiaridades coma nos castelanismos, comúns, daquela, a moitas outras terras.

Convén reter a data da acción: outono de 1942, ou sexa, meses antes da vitoria de Stalingrado (febreiro de 1943), que significou o inicio da derrota do nazifascismo na II Guerra Mundial. Antes desta data, en España, ós vencedores da Guerra Civil e ós seus cómplices, administradores da Vitoria franquista *pro domo sua*, non había quen lle tusise. Campaban polos seus respectos. De terse celebrado este xuízo despois de febreiro de 1943, algúns dos protagonistas procederían cunha miguña de coidado, con menos insolencia. Mesmo os máis fanáticos sospeitaban, con medo, que os aliados, derrotada a Alemaña de Hitler, poderían decretar, sen máis esforzo, a caída de Franco.

(ÉRGUESE O PANO)

OFICIAL: *(na porta do xulgado)* ¡Vista pública!

Entran na sala os pais do señorito Manolo e, con eles, dez ou doce señores amigos, moi ben traxeados. Sentan xuntos, oufanos. Entra, logo, a señora Eulalia, nai de Balbino, duns corenta anos, co traxe –todo negro– dos domingos, con zocos e pano, tamén negro, á cabeza. Senta algo lonxe do grupo mencionado. Durante a vista mantense digna, non baixa a cabeza nin oculta parte da cara co pano. Algún dos oufanos óllaa, ás veces, con certa impudicia.

SECRETARIO: Iniciamos la sesión y corresponde a este secretario resumir los hechos que encausan a Balbino Neira Castro, acusado de golpear con saña a don Manuel Frade Seivane, hijo de una ilustre familia de este distrito judicial. Debemos aclarar que en algunos de los ubérrimos viñedos de los padres del señor Frade Seivane trabaja, como criado, el padre de Balbino. En este resumen, el relator no pretende llevar a ánimo de nadie la idea de que la familia de Balbino debe buena parte de su sustento a la generosidad de los padres del agredido, pues son los hechos, una brutal agresión, los que aquí, oídas las partes, se han de juzgar conforme a derecho.

Relatados muy sucintamente los hechos, y relatados con objetividad, este secretario tiene la obligación de informar de una circunstancia, en principio, anómala en este tipo de juicios orales. Ello es que el señor juez, sin vulnerar las leyes de nuestro glorioso Movimiento Nacional, en un alarde de humanismo jurídico, permite y consiente que, en sus declaraciones, el acusado utilice el dialecto gallego, dadas sus extrañas características, su nula instrucción y su condición de analfabeto. (*Óense murmurios desaprobatorios que proceden dalgúns do grupo ben traxado.*) En realidad, se trata del sacrosanto derecho a la defensa, tan presente en las leyes del Nuevo Estado, y no de ninguna otra consideración, lo que ha llevado a Su Señoría a esta decisión que en nada mengua o debilita los derechos del señor Frade Seivane. (*Van esmorecendo os murmurios.*)

Rebus sic stantibus, es este el momento, con la venia de Su Señoría, de que se inicie el preceptivo interrogatorio.

XUÍZ: Proceda, señor Fiscal.

FISCAL: (*Dirixíndose a Balbino.*) Así que usted, en un meridiano ejercicio de violencia execrable y punible, asestó o propinó, sin mediar provocación de ninguna especie o índole, una brutal bofetada a Manolito, quiero decir, a don Manuel Frade Seivane, persona de elevados principios e hijo de padres harto respetables y piadosos y de las mejores familias de nuestro partido judicial y aun de nuestra provincia.



BALBINO: Eu, non, señor Fiscal: eu solo me arrepuxen, e perdone que lle salga ó retrauto. Ningún cristiano aturaría ditos tan falsos e pezoñentos.

XUÍZ: Señor letrado defensor, traduzca “in continentí” esta cosa, “de contado”, como se dice en el dialecto de estas aldeas.

AVOGADO DEFENSOR: Mi defendido aclara, si no lo he interpretado mal, Señoría, que se limitó a dar respuesta –modestísima respuesta– al señor Frade Seivane, que fue, según mis informes, quien inició la contienda, en principio verbal, con palabras tan mordaces que no son propias para *seren* dichas en esta sala.

XUÍZ: Continúe el acusado y sea breve, muy breve.

BALBINO: Eu tiña que arrepoñerme pois o señorito Manolito (así lle chamamos entre nós, os da clase baixa) aldraxou a miña nai e aldraxouna como se fose un macabeo ou un escariote ou un xurafás, que non o é.

FISCAL: Absténgase el acusado de insinuar que la condición de don Manuel Frade Seivane pudiera confundirse con la de un “xurafás” (o un “macabeo” o un “escariote”), pues este Fiscal aún no ha olvidado el dialecto de la aldea hablado en la casa natal, razón por la cual recuerdo que, esos tres términos, esos tres adjetivos, en el dialecto de los labriegos, son vocablos harto execratorios; en realidad, tres voces superlativamente peyorativas y vejatorias.

XUÍZ: Hecha esta oportuna observación por el señor Fiscal, proceda el acusado a referir, sin exageración, los ultrajes que, según usted, profirió don Manuel Frade contra su madre.

BALBINO: Os “ultrajes”, as aldraxes, Señoría, fóronlle moitas.

XUÍZ: Absténgase el acusado de la utilización de dativos de complicidad como el existente en la expresión dialectal “fóronlle” que yo, como el señor Fiscal, aún no he olvidado del todo el dialecto

Ao pé da letra

aprendido en casa de mis padres en mi infancia aldeana ¿Qué adjetivos descalificativos, pues, usó, según usted, don Manuel Frade contra su madre?

BALBINO: Non lle sei –non sei– se foron “adjetivos” ou non, pero, chamar, chamoulle de todo, as peores infamias (e digo infamias porque así é como din os estudiados). Chamoulle, primeiro, pordiosera e morta de fame, co que xa empecei a alporizarme, e, logo, dixo que, por ser costureira de porta en porta, entraba tamén nas casas dos ricos da parroquia e que o día menos pensado algún dos señores ou dos señoritos desas casas íanlle inchar a barriga para nove meses e que non tardaría en ter un fillo bravo, que sería irmán meu, irmán pecadento. (Bueno, o que dixo no seu falar, que ben o recuerdo, foi que eu tería “un hermano al margen de la Iglesia, hijo, además, del pecado adulterino”). Eu, señor Xuez, non puiden conterme e zosqueille un lapote, sólo un lapote, e logo, lisquei de alí, ás alancadas, porque de seguir de par del esnafráballo os fuciños ou aínda máis.

XUÍZ: Señor letrado defensor, resume esa jerigonza dialectal que tanto me recuerda las antipatrióticas expresiones de los separatistas gallegos, hoy, gracias a Dios y al Caudillo, inexistentes. En efecto, gracias a Dios y al Caudillo, que lo es, como todo el mundo sabe, por la gracia de Dios.

AVOGADO DEFENSOR: Mi defendido, Señoría, quiere decir que no pudo soportar, moralmente, los ultrajes verbales del señor Frade Seivane y que en esa situación, que yo me atrevo a calificar de límite, le propinó al ofensor una colleja, un pequeño cachete, que eso significa, Señoría, “lapote” en el idioma gallego.

XUÍZ: Le advierto al señor letrado, por estudios universitarios y profesión, tiene la ineludible obligación de hablar, en esta sala, con propiedad y que, por tanto, no debe denominar idioma el rudo hablar de las gentes de la Montaña. De dos criadas de servir de allí procedentes aprendí, por cierto, la palabra “lapote”, que una, la máis joven, de otra aldea, pronunciaba, por cierto, “lapada”, en femenino. ¡Ya ve usted, señor letrado, que idioma es ese que se habla de manera tan distinta según los lugares, algunos muy próximos!

AVOGADO DEFENSOR: Tomo buena nota de su obsrevación pues soy aficionado a los estudios filológicos. Con la venia de Su Señoría, pongo en su conocimiento que fui alumno dos años, en el Seminario de Santiago de Compostela, del sabio don Ángel Amor Ruibal, gloria, en España, de la Filología Comparada, y con el que colaboré, modestamente, en la recogida de voces gallegas para un Diccionario de nuestra habla que la inesperada muerte del ilustre filólogo truncó en 1930.



XUÍZ: Acepto, no sin esfuerzo, su digresión, y, ya que usted no está ajeno a los estudios de Filología, noble ciencia si no se politiza, aprovecho esta ocasión para comunicarle que, en el presente año de 1942, hace cuatrocientos cincuenta, el gran don Antonio

Nebrija, no menos sabio que don Ángel Amor Ruibal, publicó su *Gramática de la lengua castellana*, el primer estudio científico de la lengua universal de España, de nuestra verdadera lengua. Prosigu, señor Fiscal.

FISCAL: Yo agradezco, muy vivamente, como toda esta Sala, las luminosas elucidaciones filológicas del señor Juez, y, con su venia, vuelvo a los hechos para hacerle ver al acusado que su acción, muy lejos de ser un cachete (que así se dice en el idioma hace cuatrocientos cincuenta años estudiado y elogiado por el ilustre don Antonio de Nebrija), consistió en una bofetada propinada contra la faz derecha del señor Frade Seivane con toda la saña de un campesino forzado que carece de miramientos sociales.

BALBINO: Eu, señor Fiscal, non sei moi ben que é eso de propinar, pero o certo é que non lle batín ó señorito Manolito cun pau nin o mallei cun vergallo nin xiquera pechei o puño para fenderlle as napias. Eu, señor Fiscal, xa dixen que non foi unha labazada (o que vostede, se non me engano, chama bofetada). O que fixen non pasou dunha lospia, dun lapote, ben pequeno, por certo.

XUÍZ: Los testigos, sin embargo, hablan de un bofetada, de un bofetada superlativamente violenta, de esas que dejan, sin duda, huellas psíquicas por mucho tiempo o traumas, que así los denominan los especialistas en dolencias graves de la psique humana.

BALBINO: Os testigos, señor Juez, débenlle moitos favores ó pai do señorito Manolito, que, como todos sabemos, é un dos señores máis ricos desta terra. Hai outros testigos que non declararon porque son criados e xornaleiros seus, e nestas aldeas non hai outro capital onde gañar un xornal.

XUÍZ: Aunque debería retirarle con carácter definitivo la palabra, pues ofende la dignidad de este tribunal con esas disertaciones sobre la condición económica y laboral de los testigos, voy a ser magnánimo con usted y recordarle que todos los testigos depusieron bajo juramento e invocando el nombre del Altísimo, del Señor de los Cielos.

BALBINO: Eu, señor Xuez, non lle sei o que eses testigos puxeron, pero lembraban que todo empezou cando o señorito Manolito, para poñerme nervioso e comprometerme, xuraba máis ca un carreteiro, máis ca un legionario, e facía baixar, nos seus xuramentos, a tódolos Santos do Ceo.

XUÍZ: Señor letrado, observo que su cliente entiende poco o nada de lo que en este momento se substancia. Como cosa particular, explíquesele usted mientras yo, sin desvestirme de la toga, que es sagrada en nuestro nobilísimo oficio, redacto el fallo, la sentencia, cuyo contenido, sin duda, no se le escapa a su perspicacia.

Debo, antes de levantar la sesión, manifestar que en la España de Franco, en la España de la Ley y el Orden, cuando alguien comete una agresión, un acto de violencia, sea rico o pobre, es castigado severamente. Así evitamos la subversión, hoy totalmente erradicada y que sembró la ruina y el caos en España antes del Gobierno del Glorioso Movimiento Nacional.

Debemos exigir y exigimos moral y actitudes respetuosas a todo súbdito español, sea cual fuere

Ao pé da letra

su condición social y económica. Usted, sin duda, me entende, una vez más, la Justicia es igual para todos.

(Érguese e, con el, os outros membros da mesa.)

NAI: *(Mentres os do estrado se van.)* Nunca os pobres, os da aldea, estivemos tan indefensos.

UN DOS BEN TRAXADOS: *(Acenando cara á nai.)* Roja, carne de lupanar. ¡Si hasta hemos permitido que el delincuente hablase en el dialecto de los enemigos de la Patria y de la Religión, como Castelao y Curros Enríquez, respectivamente!

NAI: Dios nos colla confesados! Pero terán que vir outros tempos, outras leis, se é que existe Dios e aínda non desapareceu a decencia das xentes.

OS BEN TRAXADOS: *(Soan, ben altos, os seus murmurios.)* ¡Fuera! ¡Fuera! ¡Fuera!

NAI: Sempre estivemos fóra!

(CAE O PANO)



Allanámonos á demanda ou achantamos con ela?

Soma nota!





O *Dicionario xurídico galego* recolle a forma galega “achantamento” para se referir ao acto procesual polo que o demandado manifesta a súa vontade de non se opoñer á pretensión do actor ou de abandonar a posición xa interposta, conformándose con ela.

As partes litigantes poden achantar en calquera momento da primeira instancia, dos recursos ou da execución da sentenza (art. 19.3 da LAC).

A forma verbal, asociada ás palabras “demanda” ou “pretensión”, pode usarse co apoio das preposicións “ante” ou “con”.

Cando a parte demandada achanta con todas as pretensións da demandante, prodúcese o achantamento total.



Nova web do Colexio de Avogados e consolidación das redes sociais

O Colexio de Avogados de Santiago estreou este ano unha nova páxina web, co obxectivo de mellorar a súa transparencia e os servizos que presta a colexiados e cidadáns.

Á marxe da zona privada para colexiados, a web informa dos servizos dirixidos aos cidadáns, como a asistencia xurídica gratuíta, a mediación e o punto de información catastral. Tamén se publican as circulares e hai información sobre cursos e outras novidades.

Por outra parte, o colexio cumpre dous anos cos seus perfís oficiais en Twitter e Facebook. A mediados do pasado mes de novembro, o perfil en Twitter contaba con 760 seguidores, o que mantén o Colexio de Avogados entre os 25 primeiros de toda España. En Facebook, o número de seguidores era de 325, polo que a

comunidade virtual de Avogacía Compostelá alcanza os 1.085 seguidores, o que representa un crecemento interanual de máis dun 50 por cento.

O usuario en Twitter é @icacompostela e o titular da conta é Avogacía Compostelá. En Facebook, o titular é o mesmo, aínda que tamén pode atopalo como a páxina oficial en Facebook do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Hai un acceso a ambas as páxinas desde a web de ICA Santiago. Os perfís nas redes sociais do Colexio actualízanse con informacións da nosa institución, da avogacía e de todas aquelas que teñen que ver dunha ou doutra maneira coa nosa profesión. Invitámosvos a participar e a manter un diálogo activo.




Actos conmemorativos polo centenario do falecemento de Eugenio Montero Ríos

A avogacía de Compostela destaca “o espírito reformista de Montero Ríos, unha referencia para todos os profesionais do dereito”



O Colexio de Avogados de Santiago participou durante todo o ano nas actividades conmemorativas do centenario do falecemento de Eugenio Montero Ríos. O máis importante foi a exposición 'Eugenio Montero Ríos: o xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo', na que colaborou a institución colexial.



O decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, destacou na inauguración da mostra “o espírito reformista de Eugenio Montero Ríos, unha referencia para todos os profesionais do Dereito”.

“Formou parte da xunta directiva do Colexio de Avogados de Santiago e a súa achega ao mundo do Dereito está fóra de toda dúbida, xa que entre outras moitas cousas Montero Ríos foi o impulsor da Lei orgánica do poder xudicial, amais de ministro de Xustiza e presidente do Tribunal Supremo”, afirmou. A institución colexial achegou á mostra a necrolóxica orixinal publicada na prensa polo seu pasamento.

Na inauguración interviñeron tamén o reitor da USC, Juan Viaño Rey; o presidente do Ateneo de Santiago de Compostela, Salvador García-Bodaño Zunzunegui; o presidente da Real Sociedad Económica de Amigos del País, Juan Bautista de la Salle Barreiro Pérez, e o presidente da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Jesús Asorey Carril.

As entidades que promoveron esta mostra, coordinada pola Universidade de Santiago, pretenderon poñer en valor o inxente labor desta destacada figura de finais do século XIX e comezos do XX. O comisariado da exposición foi da profesora na Facultade de Xeografía e Historia da USC Margarita Barral Martínez e o arquitecto e profesor da Escola Técnica Superior de Arquitectura da UDC Pablo Costa Buján.

Conferencia e ofrenda floral



No mes de febreiro, impartíuse no Colexio de Avogados a conferencia titulada “Montero Ríos e o dereito” a cargo de Modesto Barcia Lago (avogado, ex decano do Colexio de Avogados de Pontevedra e escritor). Barcia Lago repasou a traxectoria xurídica de Montero Ríos, que foi ministro de Graza e Xustiza con Amadeo I e ministro de Fomento, ademais de presidente do Tribunal Supremo e presidente do Consello de Ministros de España con María Cristina de Habsburgo-Lorena.

O pasado nadal, medio cento de persoas renderon unha homenaxe a Montero Ríos cunha placa conmemorativa e unha ofrenda floral na escultura situada na praza de Mazarelos.

Entre os asistentes atopábanse familiares de Montero Ríos. Así, un dos seus tataranetos tomou a palabra para lembrar que os pensamentos do seu predecesor, malia o paso do tempo, son moi válidos na actualidade, xa que abarcan aspectos tan dispares como a liberdade, o patriotismo ou a humildade.

“Era un home honrado, un bo español”, detallou, e explicou que nunca fallou nin aos seus deberes nin ás súas responsabilidades. O tataraneto, en representación dunha familia “moi numerosa”, indicou que a risa do seu familiar falecido en 1914 era “un mundo de intelixencia e de expresión”, un símbolo evocador dun carácter humilde.

Tanto era así que para o día do seu falecemento sempre pedía un enterro “sinxelo e sen honras”, a pesar de demostrar sempre un agarimo “intenso e fecundo” pola que era a súa terra, Galicia.

O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, enxalzou a que describiu como a mente “máis lúcida e brillante”, a cal foi capaz de realizar un traballo que constitúe unha das pezas “fundamentais” da modernización das institucións que hoxe en día gobernan o país.

Ao seu xuízo, Montero Ríos destaca no elenco de galegos ilustres pola súa “polifacética” maneira de atender todas as capacidades, reflectiu, e dixo que hoxe estaría moi “satisfeito” cunha xuntanza que expresa “o seu sentir”. O acto finalizou cunha ofrenda floral e a actuación musical do galego de Roi Casal.



O Colexio de Avogados de Santiago foi protagonista durante todo o ano nos medios de comunicación pola súa posición en defensa de temas estratéxicos para a cidade, como a necesidade dun novo xulgado do social ou a oposición ás taxas xudiciais.

Á marxe destes temas, tiveron repercusión outros acontecementos, como a festividade de San Raimundo de Peñafort e os actos conmemorativos do centenario do falecemento de Montero Ríos. Outras novas que recolleron os medios de comunicación foron o incremento nas peticións de xustiza gratuíta ou o funcionamento do servizo de asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

La Voz de Galicia.es

Raxoi aprobará una declaración institucional para reivindicar una nueva sala de lo Social

El atasco en los juzgados de lo Social se triplicó en solo una década

Consensos que hace ciudad con la mediación de la abogacía

DiariodeFerrol.com

Medalla de Oro de la Abogacía de Santiago para José Seoane

CADENA SER

Premio SERenidade 2015 para el decano de los abogados de Santiago

LA VANGUARDIA

La Abogacía de Santiago reclama más medios para la justicia de la capital gallega

La Región

Nogueira: "Sin nuevos juzgados y más medios, no tendremos una justicia de calidad".

El Ideal Gallego

A Universidade de Santiago e os avogados da cidade reforzan a súa colaboración



lainformacion.com

Minuto de silencio de la abogacía de Santiago por las víctimas de París

elCorreoGallego.es

El Colegio de Abogados de Santiago critica "el colapso" de los juzgados de lo social

Aumentan las peticiones de Justicia Gratuita en la ciudad

La sociedad civil de Santiago celebra San Raimundo de Peñafort

ABC

La Abogacía se concentra en Santiago contra el terrorismo

20 minutos.es

Los abogados de la capital gallega denuncian retrasos de tres años en los señalamientos

laopinioncoruña.es

La Abogacía de Santiago, en contra de la privatización del Registro Civil

EL PAÍS

Los abogados de Santiago premian la labor del juez Aláez en el caso Alvia

europa press

Satisfacción parcial en la abogacía compostelana por el final de las tasas judiciales



Nogueira demanda que las pymes tampoco paguen tasas judiciales



O Colexio de Avogados de Santiago

deséxavos un Feliz Nadal

e un próspero ano 2016!

Despois do Diluvio Universal, Noé pisa terra firme



R é outra historia

anticípate ti tamén con R combo negocio

internet **150 megas**
teléfono con **1.000 minutos a móbiles**
mantemento 12h
chamadas a tpv
fax virtual
axuda informática

40,50 €/mes (49 € con IVE)
12 facturas ou con **móbilR**

promoción combo 150 negocio válida dende o 01/12/2015 ata o 31/12/2015 • a duración mínima do contrato é de 12 meses; no caso de baixa anterior a este período, o cliente aboará a cota de alta de 120 € (99,17 € sen IVE) • para gozar da promoción benvida do combo é necesario contratar o servizo coa seguridade, o mantemento prata ou nubeR, gratis durante 3 facturas • prezo definitivo do combo sen móbilR: 48,76 €/mes (59 € con IVE) • detalles das tarifas e penalizacións en tarifas.mundo-R.com/promobenvida • tarifas aplicables salvo erro tipográfico, nese caso prevalecerán as tarifas comunicadas oficialmente e que poden ser consultadas en tarifas.mundo-R.com • máis info en legal.mundo-R.com

R

☎1446

empresas.mundo-R.com